

XXV FEIRA DO MOBLE DE GALICIA **X CONCURSO DE CARTEIS**

X CONCURSO DE CARTEIS **XXV FEIRA DO MOBLE DE GALICIA**

A Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada convoca o X concurso para a realización do cartel anunciador da XXV Feira do Moble de Galicia, que se celebra en A Estrada no mes de setembro de 2011, conforme ás seguintes:

BASES:

1º Poderán tomar parte no concurso artistas, estudantes e alocionados/as, galegos/as e nacionais. Poden presentar máis dun traballo, sempre que éstos sexan inéditos.

2º Os/as participantes teñen plena liberdade creativa. O Xurado valorará a calidade gráfica e a eficacia comunicativa do cartel, considerando a actividade que se anuncia. Os carteis poderán ser confeccionados mediante técnicas artísticas manuais (debuxo e pintura) ou con computadora. Queda excluída a utilización de fotografías na composición.

3º As medidas do cartel serán de 50x70cm en forma vertical e sen marxes. Os orixinais confeccionaranse de xeito que a súa reprodución non ofrezca dificultade. Excluiranse as tintas douradas e prateadas, así coma as cores fluorescentes.

4º Na composición do cartel terá obrigatoriamente que engadirse a lenda **"XXV Feira do Moble de Galicia"** e, **"A Estrada, do 10 ao 18 de setembro de 2011"**. Habilitarase espacio, na marxe inferior esquerda, para introducir o logotipo da Fundación organizadora e máis das entidades convocantes.

5º Os orixinais entregaranse obrigatoriamente montados sobre taboleiro ou bastidor. No caso de realizárense con computadora os/as autores/as aportarán, ademais da mostra impresa montada en bastidor ou taboleiro, copia en formato dixital, CD, para a súa óptima reprodución.

6º Establécese un único premio consistente nun Agasallo conmemorativo e diploma acreditativo para o/a gañador/a.

7º Os orixinais entregaránse na sede da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, Zona Deportiva s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra), antes das 14:00 hs. Do día 18 de maio de 2011. Os carteis presentaránse embalados, cun sobre por traballo, rotulados no exterior cun título identificativo, acompañados dun sobre pechado e rotulado co mesmo título. No interior do sobre figurará o título identificativo do traballo, o nome do/a autor/a, enderezo e teléfono de contacto, así como sinatura e data.

8º O Xurado estará presidido pola Directora Xerente da Fundación de Congresos de A Estrada, e integrado ademais por cinco expertos.

9º O fallo do Xurado será inapelable, e darase a coñecer os Medios de Comunicación e difundirase na páxina web da Fundación antes do día 30 de Maio de 2011. O Xurado poderá

declarar deserto o Concurso, se ningunha das obras presentadas cumpre o obxectivo comunicativo que se persegue;ou conceder mencións especiais.

10º Todos os traballos presentados, agás aqueles que non cumpran os mínimos esixibles de calidade, poderán ser expostos ao público perante a celebración da XXV Feira do Moble de Galicia. Os carteis non premiados poderán ser retirados da sede da fundación do 20 de setembro ata o 8 de outubro de 2011. A partir desta data, as obras non retiradas quedarán á enteira disposición da entidade convocante.

11º O/a autor/a do cartel que resulte gañador cederá todos os dereitos de reprodución a Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, que o poderá utilizar sobre calquera soporte(papel,madeira,textil,internet,etc). A obra gañadora será utilizada como imaxe xeral e cartel anunciador da XXV Feira do Moble de Galicia. O/a autor/a acepta que o cartel sexa ademáis utilizado neutros formatos, aínda que isto implique modificacións (rotulación exterior,entradas,programa,publicidade en medios de comunicación,etc).

12º A participación no Concurso implica a total aceptación das Bases.

FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA

RECINTO FEIRAL - ZONA DEPORTIVA S/N
36680 A ESTRADA - PONTEVEDRA
TLF. 986 57 34 06 www.feiradomoble.com